

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

2196 *REAL DECRETO 137/2002, do 1 de febreiro, polo que se establecen medidas de apoio a armadores e tripulantes da flota pesqueira afectada pola finalización do acordo de pesca entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos.* («BOE» 29, do 2-2-2002.)

O Regulamento (CE) 2561/2001, do Consello, do 17 de decembro, polo que se fomenta a reconversión dos buques e os pescadores dependentes ata 1999 do acordo de pesca con Marrocos, establece unha serie de requisitos e medidas complementarias do Regulamento (CE) 2792/1999, do 17 de decembro, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca.

O Regulamento (CE) 1227/2001, do Consello, do 18 de xuño de 2001, polo que se establecen excepcións a determinadas disposicións do citado Regulamento (CE) 2792/1999, modificou o prazo das indemnizacións establecidas nel para os supostos de non renovación ou de suspensión dun acordo de pesca para as flotas comunitarias que dependan del, ampliándoo ata o 31 de decembro de 2001.

Sen prexuízo da aplicabilidade directa dos citados regulamentos, o presente real decreto contén a adaptación da normativa nacional ás disposicións do Regulamento (CE) 2561/2001, establecendo as condicións e requisitos de concesión de axudas ós armadores e tripulantes, así como as condicións para promover a diversificación da actividade dos buques pesqueiros afectados pola non renovación do acordo pesqueiro entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos.

Na elaboración do presente real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os axentes sociais e sector pesqueiro afectado. Así mesmo, cumpriuse o trámite previsto no artigo 88.3 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

O presente real decreto dítase de conformidade co establecido no capítulo III do título II da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado e en virtude da facultade conferida na súa disposición derradeira segunda.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de febreiro de 2002,

DISPONGO:

CAPÍTULO PRELIMINAR

Obxecto

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establece-las condicións e requisitos de concesión de axudas, así como

medidas de ordenación para os buques pesqueiros en relación cos armadores e pescadores ós que se lles concedesen axudas por un período mínimo acumulado de seis meses, comprendido entre o 1 de xaneiro de 2000 e o 31 de decembro de 2001, por paralización temporal, debido á non renovación do acordo entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos, finalizado o 30 de novembro de 1999.

Para tal efecto, os armadores e os pescadores poderán beneficiarse das axudas previstas no Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro, nas condicións e cos requisitos establecidos no presente real decreto.

Pola súa vez, establécense excepcións respecto dos requisitos relativos á construción, modernización e reconversión da flota pesqueira afectada, establecidos no Real decreto 798/1995, do 19 de maio, polo que se definen os criterios e condicións das intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca, da acuicultura e da comercialización, a transformación e a promoción dos seus produtos.

CAPÍTULO I

Axudas

Artigo 2. *Axudas estruturais.*

1. Obras de modernización:

a) Poderán recibirlas axudas previstas no artigo 8 do Real decreto 3448/2000, os armadores a que se refire este real decreto cando leven a cabo un cambio de actividade pesqueira que requira modificacións técnicas no buque. Para estes efectos, o cambio das artes de pesca será considerado un gasto subvencionable. Na determinación da contía das axudas o baremo do cadro 1 do anexo I do citado real decreto incrementase nun 30 por 100.

b) Na concesión destas axudas non será de aplicación o disposto no artigo 9 do punto 2 do Real decreto 3448/2000, en relación co requisito dos cinco anos que deben transcorrer entre a concesión da axuda á construción e os gastos de modernización e reconversión para que estes sexan subvencionables.

2. Paralización definitiva: desmantelamento, transferencia definitiva a un país terceiro e sociedades mixtas:

a) Contía das axudas.

Para as axudas por desmantelamento e por transferencia definitiva a un país terceiro, incluída a achega para a constitución dunha sociedade mixta, aplicaranse os baremos previstos no anexo I, cadros 1 e 2, do Real decreto 3448/2000, incrementados nun 20 por 100.

b) Actividade.

Non será de aplicación o establecido na alínea c) do artigo 14, punto 1, do Real decreto 3448/2000, relativo ós períodos de actividade pesqueira realizados con anterioridade á data de solicitude.

c) Reducción das primas.

O establecido na alínea b) do artigo 16 do Real decreto 3448/2000, relativo á redución da totalidade do importe percibido por paralización temporal durante os últimos doce meses anteriores, non será de aplicación a ningún dos supostos de axudas que se establecen neste punto.

No suposto de axudas por desmantelamento, non será de aplicación o disposto no artigo 16, alínea a), do Real decreto 3448/2000, sempre que as axudas de modernización se recibisen ó abeiro do Regulamento (CEE) 3699/93, do Consello, do 21 de decembro, polo que se definen os criterios e condicións das intervencións comunitarias con finalidade estrutural no sector da pesca, da acuicultura e da comercialización, a transformación e a promoción dos seus produtos, e do Real decreto 798/1995, sen prexuízo da aplicación do mencionado precepto ás axudas percibidas ó amparo da disposición transitoria primeira deste último real decreto.

d) Idade.

No caso de transferencia definitiva dun buque a un país terceiro, incluída a achega para a constitución dunha sociedade mixta, a idade mínima prevista no artigo 15, alínea a), do Real decreto 3448/2000, redúcese a cinco anos. Para os buques de cinco a nove anos aplícanse os baremos correspondentes ós buques de dez a quince anos.

Da contía que resulte para estas axudas, deduciranse «prorrata temporis» as recibidas para a construción nos dez anos anteriores e as recibidas para a modernización nos cinco anos anteriores.

e) Sociedades mixtas.

A prima para a constitución de sociedades mixtas, previstas no artigo 25 do Real decreto 3448/2000, aboarase na súa totalidade unha vez traspasados os buques á sociedade, logo de presentación polo solicitante dunha garantía bancaria por un importe igual ó 40 por 100 da axuda.

3. Incompatibilidade.

Non poderán percibirse as axudas por paralización temporal a partir da data da notificación de concesión de resolución dunha axuda prevista no presente artigo nin serán acumulables con outras primas ou axudas públicas que teñan a mesma finalidade.

Artigo 3. *Medidas socioeconómicas.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden conceder as axudas ós pescadores que formaban parte da última tripulación dos buques de pesca obxecto de paralización ata o 30 de novembro de 1999, previstas no artigo 61 do capítulo XVI do Real decreto 3448/2000, nos seus parágrafos A), relativa ás prexubilacións, B), relativa a primas globais individuais e C), relativa a primas globais individuais non renovables.

2. A contía das ditas axudas incrementarase nun 20 por 100 respecto das previstas nos parágrafos B) e C) do artigo 61 do Real decreto 3448/2000.

3. As axudas previstas no artigo 61 do Real decreto 3448/2000 reconeceranse sen que se esixan para iso os requisitos establecidos no artigo 63, alíneas b) e c) do punto 2 e alínea b) do punto 3.

4. O órgano competente para a resolución das solicitudes das axudas previstas neste artigo será o da comunidade autónoma no territorio da cal radique o domicilio

fiscal do pescador ou onde radique o porto base do buque pesqueiro.

Artigo 4. *Solicitudes.*

O prazo para a presentación de solicitudes das axudas previstas no presente real decreto estará comprendido entre o día seguinte ó da entrada en vigor deste real decreto e o 31 de marzo de 2003.

Artigo 5. *Resolución e pagamento das axudas.*

O prazo para a resolución das solicitudes presentadas finalizará o 30 de xuño de 2003.

Non obstante, a data límite para o pagamento das axudas será o 31 de decembro de 2003.

CAPÍTULO II

Medidas de ordenación pesqueira

Artigo 6. *Construcción e modernización de buques.*

En relación coas obras de construción e modernización de buques, desde a entrada en vigor do presente real decreto e ata o 30 de xuño de 2003, aplicaranse os seguintes criterios:

a) Non será de aplicación a proporción entre a maior e a menor das baixas achegadas para a construción de buques, prevista no artigo 4, punto 1, alínea b), segundo, do Real decreto 798/1995, cando o 80 por 100 da tonelaxe e volume baixo cuberta das baixas achegadas corresponda a buques de pesca a que se refire este real decreto.

b) Así mesmo, non será aplicable ós ditos buques o establecido no artigo 4, punto 1, alínea e) do citado Real decreto 798/1995, relativo ó exercicio da actividade pesqueira durante un mínimo de cento vinte días nos doce meses inmediatamente anteriores á data de inicio do expediente de construción ou, se é o caso, á data de presentación da documentación da baixa.

c) Non será aplicable ás solicitudes de autorización de modernización ou construción a imposibilidade de achegar baixas de buques que fosen obxecto de axudas para as ditas obras, establecida no artigo 4, punto 1, alínea i) do Real decreto 798/1995.

d) Non será de aplicación o disposto no artigo 5, punto 4, nin o disposto no artigo 9, punto 5, do Real decreto 3448/2000, sobre o reembolso da parte proporcional no tempo das axudas percibidas por construción e modernización cando o buque cause baixa no Rexistro de Buques Pesqueiros dentro dos dez anos seguintes á súa entrada en servizo ou dos cinco anos seguintes á data de finalización dos traballos, respectivamente, con excepción do sinalado no artigo 2, punto 2, alínea d) deste real decreto.

e) Así mesmo, non serán de aplicación ás solicitudes de autorización de modernización e reconversión, os requisitos establecidos no artigo 22 do Real decreto 798/1995, cando non se perciban axudas para as ditas obras.

As excepcións previstas nas alíneas c) e d) aplicaranse sempre que as axudas para construción ou modernización se recibisen ó abeiro do Regulamento (CEE) 3699/94 e do Real decreto 798/1995, non séndolles de aplicación ás axudas percibidas ó abeiro da disposición transitoria primeira deste último real decreto.

Disposición adicional primeira. *Xustificación de pagamentos.*

Concluído o exercicio económico de 2003 e antes do 31 de marzo de 2004, as comunidades autónomas deberán remitir ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación un estado comprensivo das obrigas recoñecidas e os pagamentos realizados ata o cerramento do dito exercicio económico polas subvencións xestionadas co obxecto do cumprimento por parte da Administración xeral do Estado das obrigas establecidas no Regulamento (CE) 1260/1999, do Consello do 21 de xuño, polo que se establecen disposicións xerais sobre os fondos estruturais.

Disposición adicional segunda. *Comunicación previa á Comisión da Unión Europea.*

As axudas previstas neste real decreto serán aboadas unha vez que se pronunciase a Comisión da Unión Europea sobre a compatibilidade delas, en virtude do disposto no artigo 88.3 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Disposición adicional terceira. *Convocatorias.*

Non será necesario o establecemento de tramos temporais para a concesión e pagamentos de axudas nas disposicións que desenvolvan este real decreto, podéndose seleccionar tódalas solicitudes de axudas que se presenten, sempre que se cumpran tódolos demais requisitos establecidos.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio das solicitudes.*

Tódalas solicitudes presentadas desde o 1 de xullo de 2001 ata a entrada en vigor do presente real decreto poderán acollerse ó disposto neste real decreto, para o cal os interesados deberán presentar unha solicitude complementaria en tal sentido, sempre e cando tiveren o período acumulado de polo menos seis meses desde o 1 de xaneiro de 2000 ó 31 de decembro de 2001, establecido no artigo 1 desta disposición.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.19.^a da Constitución en materia de bases de ordenación do sector pesqueiro.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito da súa competencia, para adoptar as medidas e dictar as normas precisas para o cumprimento e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de febreiro de 2002.

JUAN CARLOS R.

MINISTERIO DE FOMENTO

2327 *REAL DECRETO 99/2002, do 25 de xaneiro, polo que se modifica parcialmente o Real decreto 1161/1999, do 2 de xullo, polo que se regula a prestación dos servicios aeroportuarios de asistencia en terra. («BOE» 32, do 6-2-2002.)*

Co fin de lle dar cumprimento á disposición adicional cuadraxésima da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e para completa-la recepción polo ordenamento xurídico español da Directiva 96/67/CE, do Consello, do 15 de outubro, relativa ó acceso ó mercado de asistencia en terra nos aeroportos da Comunidade, foi aprobado o Real decreto 1161/1999, do 2 de xullo, polo que se regula a prestación de servicios aeroportuarios de asistencia en terra.

Este real decreto ten por obxecto introducir determinadas modificacións no réxime das autorizacións para a prestación de servicios de asistencia en terra para adaptalo ás características de cada aeroporto, e apreciar con maior rigor as previsións da citada directiva en relación coa subcontratación de actividades no caso de autoasistencia, o control contable da ausencia de transferencias financeiras e a esixencia dun centro de explotación ou establecemento permanente en España.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xaneiro de 2002,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1161/1999, do 2 de xullo, polo que se regula a prestación de servicios aeroportuarios de asistencia en terra.*

1. Modifícanse os artigos 1, 4.3, 4.4, 9.1, 10.2.a), 11.1, 11.2.a), 13, 14.1.c), 14.2, 14.3 e 15.3, así como a disposición adicional cuarta do Real decreto 1161/1999, do 2 de xullo, que quedan redactados como segue:

Un. Artigo 1. *Obxecto.*

«Este Real decreto ten por obxecto regula-la prestación dos servicios de asistencia en terra nos aeroportos de interese xeral.»

Dous. Artigo 4.3.

«3. Nos aeroportos que teñan un tráfico anual inferior ó indicado no punto anterior haberá un só axente que preste os servicios de rampla a terceiros por categoría.»

Tres. Artigo 4.4.

«4. Por orde do ministro de Fomento, por proposta de AENA, poderase incrementar progresivamente o número de axentes cando as condicións nos aeroportos o permitan. Para tal efecto, AENA elevará anualmente un informe ó Ministerio de Fomento sobre a evolución da calidade dos servicios de asistencia en terra, así como dos prezos correspondentes.

Malia o anterior, cando as condicións do aeroporto o permitan, AENA poderá incrementar-lo número de axentes que presten servicios de rampla